

ACORDO INTERNO PARA A REALIZACIÓN DE PRÁCTICAS EXTERNAS

O Real Decreto 592/2014, de 11 de julio regula as prácticas académicas externas do estudiantado universitario co obxectivo de permitir ao alumnado aplicar e complementar os coñecementos adquiridos na súa formación académica, favorecendo a adquisición de competencias que os preparen para o exercicio de actividades profesionais, faciliten a súa empregabilidade e fomenten a súa capacidade de emprendemento.

Neste marco, a Universidade de Vigo dispón do seu propio *Regulamento de Prácticas Académicas Externas do Alumnado da Universidade de Vigo*, aprobado en Consello de Goberno.

Segundo establece esta norma regulamentaria nos casos en que as e os estudantes realicen as prácticas en servizos e dependencias da propia Universidade que non estean destinados á actividade docente subscribírase un acordo escrito interno, asinado pola persoa responsable do servizo ou dependencia en que se realizan as prácticas e a persoa responsable académica do centro de que depende a titulación.

A vixencia deste acordo quedará en todo caso supeditada ao visado por parte do órgano que corresponda segundo se establece na devandita normativa.

Ao abeiro destas normas legais e regulamentarias asínase o seguinte acordo entre as partes que se sinalan:

1. CENTRO DO QUE DEPENDE A TITULACIÓN

Nome do centro:

Responsable académico:

2. SERVIZO OU DEPENDENCIA DE DESTINO

Nome da Unidade:.....

Nome e apelidos da persoa responsable:.....

Cargo:.....

Cláusulas

Primeira. O obxecto deste acordo é regular un programa de prácticas académicas externas para facilitar a preparación para o exercicio profesional do estudiantado en áreas operativas relacionadas coa súa formación universitaria e as posibles saídas profesionais desde os estudos cursados na Universidade de Vigo.

Segunda. As prácticas realizadas ao aveiro deste acordo non constitúen unha relación laboral entre o/a estudante e a Universidade, polo que da súa relación non se derivarán en ningún caso obrigas propias dunha relación laboral. Nas tarefas a desenvolver durante as prácticas polo estudiantado non poderán incluírse as propias do persoal de administración e servizos destinado no servizo ou dependencia, nin constituir de feito a súa substitución en ningún caso.

Terceira. As e os estudantes que realicen estas prácticas deberán estar maticulados na materia vinculada, segundo o plano de estudos de que se trate.

Cuarta. Estas prácticas terán unha duración máxima de _____ horas por estudante. O número de estudantes participantes o establecerá para cada curso académico a persoa responsable do

servizo ou dependencia.

Quinta. O horario das prácticas adaptarase aos horarios lectivos. O estudiantado terá dereito a realizar as probas de avaliación correspondentes aos estudos nos que se atopa matriculado e o servizo ou dependencia concederalle os permisos necesarios para asistir a elas.

Sexta. Estas prácticas estarán cubertas polo seguro escolar, sempre que sexan autorizadas segundo o disposto no Real Decreto 592/2014, de 11 de julio e que o/a estudante estea matriculado/a e ao corrente do pago do citado seguro. Non obstante, a Universidade de Vigo ten subscrito ademais un seguro de responsabilidade civil e outro de accidentes, complementarios ao seguro escolar.

Sétima. O servizo/dependencia comprométese a tratar os datos de carácter persoal coa finalidade exclusiva de realizar o obxecto do acordo, que non serán obxecto de ningún tratamento distinto aos previstos neste acordo, de conformidade co disposto na Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal, e o disposto no Real Decreto 1720/2007, polo que se aproba o Regulamento de desenvolvemento da mencionada lei orgánica e, en todo momento, as disposicións vixentes na materia.

Oitava. Ao rematar as prácticas a persoa responsable do servizo/dependencia entregará a quen sexa responsable académico do centro do que depende a titulación un informe de cada estudante avaliando o desenvolvemento das prácticas.

Novena. Este acordo entrará en vigor a partir da data da súa sinatura e terá vixencia mentres duren as prácticas do estudiantado no servizo/dependencia.

Décima. O presente acordo poderá rematarse ademais polas seguintes causas:

- a. Por acordo mútuo das persoas asinantes.
- b. Que se produzan circunstancias que fagan imposible realizar as actuacións previstas no acordo.

Vigo, _____.

Vto. e prace de
Xerencia ou Vicerreitoría

Responsable do
servizo/dependencia

Responsable
académico do centro

D/Dna.

D/Dna.

D/Dna.